



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS DIRECTAS PARA O SECTOR DA RESTAURACIÓN NO CONCELLO DE TOQUES. ANO 2021.**

#### **I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE.**

##### **Base 1. Obxecto**

De conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases do réxime local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, convócanse subvencións para o mantemento e impulso da actividade económica no sector da restauración no termo municipal da Toques no ano 2021 con ocasión da crise do COVID-19 que provocou o peche do sector en Galicia dende o día 27 de xaneiro ata o día 17 de febreiro de 2021.

##### **Base 2. Finalidade**

A finalidade desta convocatoria é promover a consolidación do tecido da restauración, tratar de paliar as perdas económicas polo peche do sector durante varias semanas do presente ano, así como apoiar o mantemento do emprego que xera este sector económico no municipio da Toques coa finalidade de superar a crise do COVID-19.

Este tecido da restauración no Concello de Toques está composto, na súa maioría por persoas traballadoras autónomas ou microempresas a quen se dirixen estas subvencións para o mantemento da actividade económica, conforme se sinala nas seguintes bases.

##### **Base 3. Réxime Xurídico**

A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes bases e polas seguintes outras normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Lei xeral de subvencións).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante Regulamento xeral de subvencións).
- Demais regulamentos de desenvolvemento e outras normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas vixentes Bases de Execución do orzamento.



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

As bases completas estarán a disposición das persoas interesadas no Taboleiro de anuncios e edictos da Sede electrónica do Concello da Toques: <https://sede.toques.es/> e na Base de Datos Nacional de Subvencións, e un extracto das mesmas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña:

## **II. CRÉDITO ORZAMENTARIO**

### **Base 4. Crédito orzamentario.**

O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de 10.000,00 Euros ( 10.000,00 euros ), que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 430.47000.

### **Base 5. Importe da subvención para cada entidade / persoa beneficiaria**

O importe da subvención para cada persoa beneficiaria física ou xurídica que cumpra cos requisitos esixidos será de 1.500,00 €.

### **Base 6. Compatibilidade**

Esta subvención ou axuda é compatible con calquera outra subvención outorgada por outras institucións ou entidades, públicas ou privadas.

## **III. PERSOAS BENEFICIARIAS**

### **Base 7. Persoas beneficiarias e requisitos para obter a condición de beneficiaria**

**7.1. Persoas beneficiarias.** Poderán ser beneficiarias das axudas recollidas na presente convocatoria:

a) As persoas físicas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA), en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que estén directamente afectadas polo peche da hostelería en virtude do establecido no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

b) As sociedades de calquera clase que teñan a condición de microempresa, incluíndo ás sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separados sen personalidade xurídica, legalmente



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

constituídas que estén directamente afectadas polo peche da hostelería en virtude do establecido no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Para a definición de microempresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

### **7.2. Requisitos das persoas beneficiarias**

Son requisitos exixibles ás persoas beneficiarias, que deberán estar cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o prazo de execución da actividade subvencionada, ademais dos previstos con carácter xeral nos artigos 11 e 13 da Lei xeral de subvencións e os especificamente fixados nos apartados anteriores, os seguintes:

- a) Que o local de hostelería radique no termo municipal da Toques e se vise afectado polo peche decretado pola Xunta de Galicia en virtude do decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- b) Que estiveran de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional correspondente e que sexan titulares dunha actividade económica ou profesional relacionada co sector da restauración.
- c) Que teñan xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello de Toques, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
- d) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Toques.



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

e) Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

Para tramitar este procedemento, e de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Toques **poderá consultar automaticamente** os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF da entidade solicitante.
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen os epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a persoa solicitante.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.
- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello de Toques
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta á Mutua correspondente do cese de actividade, no seu caso.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra de minimis.

Tendo en conta o carácter extraordinario destas subvencións, a obriga de estar ao corrente coa administracións tributarias e de Seguridade Social, poderá ser obxecto de subsanación, pero deberá acreditarse con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión da subvención.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

En caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### **7.3 Persoas excluídas**

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e calquera outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro.

## **IV. PROCEDIMENTO: INICIACIÓN**

### **Base 8. Procedemento: Réxime e inicio**

Establécese un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que de acordo coa finalidade e obxecto da



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

convocatoria non resulta necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia na persoa ou sociedade solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario seguindo estritamente a súa orde de presentación; por este motivo, non é necesario ponderar as solicitudes nin constituír unha mesa de avaliación.

Con todo, no caso de que o crédito dispoñible non fose suficiente, por superarse o importe máximo do mesmo, establecerase como criterio a orde de presentación das solicitudes no rexistro de entrada, e se coincidisen na mesma data a prelación virá determinada pola hora de presentación da solicitude.

No caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de entrada a da última presentación de documentación relativa á solicitude correspondente.

### **Base 9. Procedemento: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión corresponde a un funcionario ou empregado público do Concello de Toques, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei xeral de subvencións.

A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle á Xunta de Goberno Local.

### **Base 10. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes**

**10.1. Presentación de solicitudes de subvención.** As solicitudes de subvención deberán presentarse nos modelos de solicitude que figuran como anexos, xunto coa documentación correspondente e no prazo establecido.

En relación coa presentación de solicitudes, as persoas beneficiarias ás que vai dirixida esta convocatoria son, por unha banda, as persoas autónomas que xa teñen a obriga de relacionarse por medios electrónicos coa Seguridade Social (artigo 2.2.b) da Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, modificada pola Orde ESS/214/2018, do 26 de marzo), e doutra banda, as sociedades e profesionais, que de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

Por tanto, as solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario de solicitude dispoñible na sede electrónica do Concello da Toques ( <https://sede.toques.es>) ao que se unirá, debidamente cuberto, o Anexo 1 xunto co resto de documentación establecida na base 10.3 da presente



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

convocatoria.

Cada persoa solicitante sólo poderá solicitar as axudas desta convocatoria nunha única vez, sen perxucio das subsanación que corresponda sobre as liñas de axuda previamente solicitadas.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

A data de presentación da solicitude determinará a orde que se establecerá para a proposta de concesión da subvención ata o esgotamento do importe da convocatoria. No caso de ter que emendar a documentación, o prazo de subsanación non modificará a orde antes establecida, sen prexuízo que ante a falta de presentación da documentación que se poida requirir, se entenda desistido da súa solicitude de subvención.

Para presentar a solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello da Toques.

### **10.2. Prazo de presentación de solicitudes de subvención**

As solicitudes poderán presentarse desde as 00:00 horas do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín oficial da provincia de A Coruña **ata as 23:59 horas do 30 de xuño de 2021.**

### **10.3. Documentación das solicitudes de subvención**

As solicitudes deberán incluír a documentación que se indica no apartado correspondente e ademais a seguinte documentación:

1. Modelo establecido que se achega como Anexo 1, debidamente cuberto e asinado pola persoa solicitante ou por quen ostente a representación.
2. Copia do NIF (ambas as caras) da persoa traballadora autónoma ou da sociedade.
3. De ser o caso, documentación acreditativa da representatividade e copia do NIF de quen ostenta a representación.
4. Certificado de situación censual da AEAT actualizado da persoa ou sociedade solicitante.
5. No caso de oporse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Toques dos certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e fronte á Seguridade Social, a persoa solicitante deberá presentar devanditos certificados.
- 6.- Declaración xurada por parte do solicitante de que o seu local de restauración se viu afectado de maneira directa polo peche da hostelería establecido no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto





## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

7.-Declaración xurada por parte do solicitante de manter aberto o local de restauración durante un período mínimo de 18 meses a partir da data da resolución de concesión da subvención ou achega, comprometéndose en caso contrario á devolución íntegra da subvención regulada nas presentes bases.

No caso de persoas xurídicas, ademais da documentación anterior que proceda:

8. Escrituras de constitución da sociedade.
9. Copia do NIF (ambas as caras) da/s persoa/s socia/s pola/s que se solicita subvención.
10. Certificado de situación censual emitido pola AEAT actualizado de cada unha das persoas socias polas que se solicita subvención, se procede.

### **10.4. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención**

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello de Toques, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na Lei de subvencións, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados. A data de presentación da solicitude determinará a orde que se establecerá para a proposta de concesión da subvención ata o esgotamento do importe da convocatoria.

No caso de ter que emendar a documentación, o prazo de subsanación non modificará a orde antes establecida, sen prexuízo que ante a falta de presentación da documentación que se poida requirir, se entenda desistido da súa solicitude de subvención.

Para presentar a solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Toques.

### **Base 11. Procedemento de concesión: Determinación da contía da subvención**

Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante será de 1.500,00 euros para cada un dos solicitantes. No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para ser atendidas en caso de producirse algunha renuncia ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

**Base 12. Procedemento de concesión:** Proposta provisional de concesión, trámite de alegacións e reformulación, proposta definitiva de concesión, aceptación e resolución definitiva das subvencións



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

12.1. O órgano instrutor formulará motivadamente proposta provisional de concesión, que poderá ser individual ou colectiva, e que deberá notificarse/publicarse ás persoas interesadas e concederáse ás persoas solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións e/ou no seu caso comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor e acheguen o modelo de alta ou modificación de datos en terceiros, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN da conta pola que deben efectuar os pagos e os ingresos relacionados coa subvención.

De conformidade co artigo 24.4 da Lei Xeral de Subvencións, e o artigo 82.4 da Lei 39/2015, poderase prescindir do trámite de audiencia cando a proposta provisional de concesión sexa polo importe máximo ou coincida co importe solicitado pola persoa beneficiaria. Neste caso a proposta de concesión terá carácter definitivo.

Do mesmo xeito, no caso que se renuncie a presentar alegacións e se acepte a subvención, a proposta de concesión formulada terá o carácter de definitiva.

A proposta de concesión deberá indicar o orzamento aprobado e a subvención correspondente a cada unha das liñas, e o importe máximo que se debe xustificar utilizando a porcentaxe de financiamento correspondente.

No caso que o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior á que figura na solicitude presentada, poderase instar á persoa beneficiaria á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, que poderá realizar durante o prazo de presentación de alegacións.

12.2 No caso de presentarse alegacións, examinadas estas, formularase a proposta definitiva de concesión polo órgano instrutor, que deberá expresar a persoa solicitante ou relación de solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra na súa poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

As propostas provisional e definitiva de concesión non crean dereito algún, a favor da persoa/sociedade beneficiaria proposta, fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

## **V. PROCEDEMENTO: RESOLUCIÓN**

### **Base 13. Resolución e notificación**

#### **13.1 Resolución.**

Á vista das subvencións que constan na proposta definitiva de concesión e que foran aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento, ben de maneira individual ou colectiva.





## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

A resolución ditarase individualmente para cada unha das solicitudes e notificarase ás persoas beneficiarias.

Se renunciase á subvención algunha das persoas beneficiarias ou, de acordo á base 4.3, se incrementara o crédito orzamentario, o órgano concedente acordará, previa comprobación do cumprimento dos requisitos e condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases, e sen necesidade de nova convocatoria, a concesión de subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes segundo a orde de entrada.

Durante o prazo de execución da actividade subvencionada, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación das condicións da concesión, sen superar os límites específicos dentro de cada unha delas. Esta solicitude deberá ser autorizada polo órgano competente igualmente dentro do prazo de execución para poder ser validamente incluída na xustificación correspondente.

### **13.2 Notificación da resolución.**

A resolución do procedemento notificarase/publicarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de seis meses, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación.

O período utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos e reformulación de solicitudes interromperá devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O vencemento de devandito prazo máximo sen notificar/publicar a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **13.3 Forma de notificación**

As notificacións de resolucións e actos administrativos e de trámite practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello da Toques. Remítirase ás persoas interesadas un aviso de posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Concello da Toques practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Base 14. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento**

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa.

Contra devandita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

## **VI. OBRIGAS DAS PERSONAS BENEFICIARIAS**

### **Base 15. Obrigas das persoas beneficiarias**

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei xeral de subvencións as beneficiarias da subvención obxecto desta convocatoria estarán obrigadas a:

- a) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello da Toques, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
- c) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas,
- d) Atoparse, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Toques e fronte á Seguridade Social.
- e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Comprometerse ao mantemento da actividade hosteleira durante os dezoito meses seguintes á recepción dos fondos. En caso contrario, se procederá ó



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

reintegro íntegro dos fondos percibidos.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

### **VII. PAGO DAS SUBVENCÍONS.**

#### **Base 16. Pago das subvencións**

O pago realizarase unha vez que esté debidamente xustificado o cumprimento de todos os requisitos, mediante ingreso na conta bancaria que figure rexistrada na contabilidade municipal ou na indicada pola persoa beneficiaria a través do modelo de alta ou modificación de datos en terceiros, presentado xunto coa aceptación.

#### **Base 17. Requirimento por falta de presentación da xustificación.**

De acordo co establecido no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada aos efectos previstos.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

### **VIII. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS**

#### **Base 19. Reintegro das subvencións concedidas**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

#### **Base 20. Causas do reintegro das subvencións concedidas.**

O Concello da Toques obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do pago da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados na base anterior:

- Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou incumprimento dos requisitos que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións.
- Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos.

- Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- Obtención doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, cando non sexan compatibles ou cando superen os límites establecidos.
- Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei.

O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

### **IX. BASES FINAIS**

#### **Base 21. Información ás persoas interesadas**

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello de Toques ou na Casa Consistorial do Concello de Toques.

#### **Base 22. Protección de datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello de Toques.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Toques, nos termos establecidos nos artigos 13 ao 18 da citada Lei,

**En Toques o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;**



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

### **ANEXO I**

## **SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS OU AXUDAS DIRECTAS Ó SECTOR DA RESTAURACIÓN RADICADO NO TERMO MUNICIPAL DA TOQUES POLO PECHE TOTAL OCASIONADO POLA EMERXENCIA SANITARIA DERIVADA DA COVID-19**

### **SOLICITANTE**

Nome ..... e apelidos.....  
....., DNI.....,  
teléfono.....

### **ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICIÓN**

Enderezo:.....,  
núm.....piso.....  
Código postal.....correo  
electrónico.....

### **REPRESENTANTE**

Nome ..... e apelidos.....  
....., DNI.....,  
teléfono.....

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:**

**As solicitudes deberán incluír, de maneira íntegra a seguinte documentación:**

1. Modelo establecido que se achega como Anexo 1, debidamente cuberto e asinado pola persoa solicitante ou por quen ostente a representación.
2. Copia do NIF (ambas as caras) da persoa traballadora autónoma ou da sociedade.
3. De ser o caso, documentación acreditativa da representatividade e copia do NIF de quen ostenta a representación.
4. Certificado de situación censual da AEAT actualizado da persoa ou sociedade solicitante.
5. No caso de oporse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Toques dos certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas



## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto  
15806 Toques (A Coruña)  
NIF: P-1508400G  
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.  
Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)  
Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

tributarias coa AEAT, co Concello e fronte á Seguridade Social, a persoa solicitante deberá presentar devanditos certificados.

6.- Declaración xurada por parte do solicitante de que o seu local de hostelería se viu afectado de maneira directa polo peche da hostelería establecido no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

7. Declaración xurada por parte do solicitante de manter aberto o local de restauración durante un periodo mínimo de 18 meses a partires da data da resolución de concesión da subvención ou achega, comprometendose en caso contrario á devolución íntegra da subvención regulada nas presentes bases.

No caso de persoas xurídicas, ademais da documentación anterior que proceda:

8. Escrituras de constitución da sociedade.
9. Copia do NIF (ambas caras) da/s persoa/s socia/s pola/s que se solicita a axuda.
10. Certificado de situación censual emitido pola AEAT actualizado de cada unha das persoas socias polas que se solicita subvención, se procede.

### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**Que cumpre tódolos requisitos establecidos na presente convocatoria das axudas para o mantemento e impulso da actividade económica do Concello de Toques.**

**En Toques a .....de.....de.....2021**





## **CONCELLO DE TOQUES**

Lugar de Souto

15806 Toques (A Coruña)

NIF: P-1508400G

Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.

Páxina web: [www.toques.es](http://www.toques.es)

Email: [correo@toques.es](mailto:correo@toques.es)

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE TOQUES**